

MARÉ

28.04.2010 | GALICIA HOXE | 37

RELATORIO

■ No encontro
Cidade da Coruña

**Miguel Anxo
Murado falará
hoxe na Real
Academia**

O escritor e xornalista Miguel Anxo Murado impartirá hoxe na sede da Real Academia Galega ás 20:00 horas a segunda conferencia inscrita no III Encontro Cidade da Coruña, organizado conjuntamente pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Concellaría de Cultura do Concello da Coruña. *Inventar un lugar en vez dunha historia* será o título da conferencia.

O III Encontro Cidade da Coruña, baixo lema “Literatura e viaxe”, contou xa coa presenza do poeta arxentino Juan Gelman, e acollerá a Hélia Correia o 5 de maio, Alberto Manguel, o 11 de maio e Xavier P. Docampo o 19 de maio.

Autor galego dunha prolífica obra narrativa, poética, ensaística e dramática, Miguel Anxo Murado cubriu como xornalista as guerras de Croacia e Bosnia e mais a Segunda Intifada Palestina. Durante as súas estadías en Oriente Medio traballou como oficial de prensa das Nacións Unidas, asistindo ao goberno palestino e, máis tarde, como correspondente en Xerusalén de *El Mundo*, xermolo dos volumes *Fin de século en Palestina, A segunda Intifada ou Ruído*. • REDACCIÓN